


PLAN DIVULGACIÓN 2026



https://www.udc.es/unidade_divulgacion_cientifica/

INTRODUCCIÓN

O Plan anual de actividades da Unidade de Divulgación Científica e Cultural (UDCC) da Universidade da Coruña recolle o conxunto de accións orientadas a achegar á sociedade a ciencia, a tecnoloxía e a innovación que se xeran na UDC. O seu obxectivo fundamental é promover a cultura científica, fomentar o interese social polo coñecemento científico e dar visibilidade ás liñas de investigación e aos resultados do persoal investigador e dos grupos de investigación universitarios.

Desde a súa creación no ano 2009, a UDCC desenvolve a súa actividade cun dobre compromiso: por unha banda, impulsar unha ciencia aberta, accesible e inclusiva, capaz de dialogar coa cidadanía e cos distintos axentes sociais; pola outra, reforzar a función social da Universidade como institución xeradora e transmisora de coñecemento e como axente clave do progreso social e do desenvolvemento sostible no seu contorno. Este compromiso concrétese nunha programación estable e consolidada de actividades, avalada pola experiencia acumulada ao longo dos anos e polo impacto social das accións desenvolvidas.

A creación e consolidación da UDCC insírese no marco do impulso institucional á divulgación científica promovido pola Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT), a través da Rede de Unidades de Cultura Científica e da Innovación (Rede UCC+I). Esta rede, da que a UDCC forma parte activa desde a súa orixe e na que mantén a súa acreditación como membro efectivo, constitúe un espazo de coordinación, cooperación e mellora continua das prácticas de comunicación social da ciencia, tal e como se recolle no Libro Branco das UCC+I publicado pola FECYT (pódese consultar [aquí](#)). Neste contexto, o Plan anual de actividades da UDCC estrutúrase arredor de accións de comunicación dos resultados da investigación, actividades de divulgación científica, programas de formación en comunicación de I+D+i e iniciativas orientadas á xeración de coñecemento sobre a comunicación social da ciencia. Todas elas teñen como finalidade implicar a comunidade universitaria, o sistema educativo e a cidadanía no seu conxunto, fortalecendo o papel da Universidade da Coruña como referente na divulgación e comunicación científica como compromiso social.

A evolución da Unidade nos últimos anos, tanto en volume como en diversidade de actividades, reforza a necesidade de planificar de forma sistemática e coherente as accións de divulgación científica. Este plan anual responde a ese obxectivo, servindo como instrumento de planificación, coordinación e avaliación das actividades da UDCC, ao tempo que reflicte a súa ampla función dentro da universidade e da sociedade, así como o compromiso institucional da UDC coa cultura científica e coa sociedade á que se debe.

M^a Cristina Naya Riveiro
Vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte

OBXECTIVOS

A programación estrutúrase ao redor de catro obxectivos específicos claramente definidos, cada un deles acompañado das actividades necesarias para asegurar o seu cumprimento e maximizar o seu alcance.

- 1. Promocionar e divulgar a cultura científica e da innovación**, xa que é unha das finalidades da UDCC, ademais dunha responsabilidade social da universidade tentando recortar as distancias entre as ciencias experimentais, as humanidades e as ciencias sociais.
- 2. Fomentar o pensamento crítico e despertar as vocacións científicas**, xa que é un dos alicerces do progreso social e do desenvolvemento sostible tentando ao mesmo tempo reducir barreiras no acceso á cultura científica e da innovación e potenciar as linguas cooficiais na comunicación científica.
- 3. Comunicar os resultados da investigación** para aumentar a visibilidade do traballo do noso tecido investigador co fin de cumprir co compromiso social da Universidade como institución xeradora e transmisora de coñecemento coa intención de recortar distancias entre as distintas áreas de investigación: ciencias experimentais, humanidades e ciencias sociais.
- 4. Mellorar a formación en divulgación e comunicación científica do noso persoal docente e investigador**, para contribuír á difusión da ciencia e a tecnoloxía xerada na Universidade entre a sociedade en xeral, ademais de contribuír á transferencia dos seus resultados e colaborar na profesionalización da divulgación e comunicación científica.

PROMOCIONAR E DIVULGAR A CULTURA CIENTÍFICA E DA INNOVACIÓN



A Universidade da Coruña, por medio da UDCC, súmase todos os anos á organización da **G-Night**, celebrada o último venres de setembro con motivo da **Noite Europea das Persoas Investigadoras** e que ten lugar ao mesmo tempo en preto de 400 cidades europeas para achegar a ciencia á cidadanía. En Galicia, un consorcio formado polas tres universidades públicas galegas, institutos de investigación e outros organismos de investigación galegos enchen as cidades de actividades de divulgación científica. A UDCC é a encargada de organizar unha ampla programación de actividades que teñen lugar nos diferentes campus universitarios e en diferentes localizacións das cidades da Coruña e Ferrol en colaboración co Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA), o Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría

Civil (CITEEC), o Centro de Investigación en Tecnoloxías Navais e Industriais (CITENI) e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIC), alén da Entidade Portuaria, o Concello da Coruña a través dos Museos Científicos Coruñeses, MUNCYT etc.

Quen participa? Persoal investigador.

Inscripción para participar: vía correo electrónico no mes de xuño/xullo.

Formato: feira científica, obradoiros, relatorios, paseos científicos, visitas guiadas, teatro, demostracións,...

Programación: <https://gnight.gal/>

 [Ver vídeo GNIGHT 25](#)

A quen vai dirixido? Público xeral

 Último venres de setembro



FOMENTAR O PENSAMENTO CRÍTICO E DESPERTAR AS VOCACIÓNS CIENTÍFICAS



Os **Premios Isabel Zendal** son unha das primeiras iniciativas a nivel nacional orientadas a fomentar o pensamento crítico e promover a cultura científica entre a mocidade. Organizados en colaboración coa Deputación provincial da Coruña e o Círculo Escéptico, asociación cultural, que ten como finalidade principal fomentar a práctica do escepticismo, entendendo por este o pensamento crítico e racional,

especialmente entre a mocidade, vítima en moitas ocasións do engano, a manipulación e a difusión de noticias e crenzas falsas. Os traballos integrarán os valores do pensamento escéptico e científico, a difusión do coñecemento, a perspectiva de xénero, a ciencia e os seus métodos e a refutación das pseudociencias, así como a loita contra a difusión de enganos e noticias falsas, a loita contra as diferentes violencias que se perpetúan a través de loidas que atentan contra a dignidade das mulleres, colectivos LGTBI+ ou inmigrantes, entre outros.

A quen vai dirixido?



Categoría A: estudantes de 1.º a 3.º da educación secundaria obrigatoria e FP básica.



Categoría B: estudantes 4.º da educación secundaria obrigatoria a 2.º de bacharelato e dos ciclos formativos de grao medio.

Formato: artigo xornalístico, a exposición divulgativa dun experimento desenvolvido polo alumnado, o conto ou o relato curto.

Convocatoria actual: [VIII Edición dos Premios Isabel Zendal de Promoción do Pensamento Crítico en Educación Secundaria e Bacharelato.](#)



Prazo de presentación de solicitudes ata o 23 abril 2026 ás 14:00 horas.

Premios Isabel Zendal



Dotación económica: 300, 200 e 100 euros segundo categoría



Colección de libros



Diplomas acreditativos para estudantes e docentes



Publicación dixital dos relatos gañadores no RUC



Acto de entrega de premios

 [Entrega dos galardóns da VII Edición dos Premios Isabel Zenda](#) (19/06/2025)

 [Entrega dos galardóns da VII Edición dos Premios Isabel Zenda](#) (17/06/2024)





Atrévete a pescudar con elas! é unha iniciativa da Unidade de Divulgación Científica e Cultural da UDC para celebrar o Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia que ten lugar o 11 de febreiro. A actividade consiste na elaboración de dous audiovisuais, un dirixido á educación primaria e outro á educación secundaria, onde participan investigadoras da Universidade da Coruña para dar a coñecer dun xeito sinxelo e próximo a súa traxectoria científica e vital. Este material distribúese polos centros educativos da

comunidade galega coa intención de involucrar os estudantes gravando preguntas sobre aquilo que consideren oportuno ás investigadoras participantes. Unha vez recibidas, as investigadoras gravarán novamente un breve audiovisual coas súas respostas. Ademais, os centros escolares que envíen as súas propostas participaran nun sorteo consistente en poder realizar unha visita aos centros de investigación da UDC.

Quen participa? Investigadoras da UDC


Inscripción para participar: vía correo electrónico no mes de novembro/décembro.

Formato:  Vídeos


 **Ver vídeo doutras edición:**

[Educación Primaria 2026](#) | [Educación Secundaria 2026](#)

A quen vai dirixido? Público infantil e xuvenil

 11F con motivo do Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia

Premios atrévete a pescudar con elas!

 Sorteo dunha visita aos centros de investigación da UDC (CITIC, CITEEC, CICA OU CITENI)



COMUNICAR OS RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN



Onda Ciencia é un proxecto de divulgación científica en formato radiofónico e podcast, realizado conxuntamente pola UDCC e CUAC FM no que se abordan diferentes temáticas de actualidade dende unha perspectiva crítica e baseada na evidencia científica. O formato consiste nun coloquio no que participa profesorado e/ou persoas investigadoras da UDC, persoas expertas nunha temática concreta sobre o que versa cada programa.




Quen participa?

Persoal investigador e/ou traballador expertos na temática da UDC

Cando? Entre os meses de decembro e xuño (infórmase por correo electrónico).

Formato:  Podcast


 Podes escoitar algún episodio doutras edicións:


  [O discurso de odio nos medios](#)

  [Saúde Mental](#)



Onde se pode escoitar todas as tempadas?

 Nas canles de CUAC FM en [Youtube](#), [Spotify](#), [Acast](#), ou [Ivoox](#)

 Dial 103.4 FM, en directo os martes ás 13:00 h.

A quen vai dirixido? Público xuvenil e adulto

 De febreiro a xuño




Divulgando o noso! é unha iniciativa que ten por obxecto colaborar co persoal investigador da UDC para trasladar ao público contidos do seu labor de investigación a través do deseño de infografías científicas que poidan expoñerse en instalacións da universidade, nas súas redes sociais e coa posibilidade tamén da súa difusión noutros medios en colaboración con outras institucións como concellos, museos etc. Trátase de lle achegar ao público a ciencia do noso tecido investigador que pode existir detrás de fenómenos ou obxectos cotiáns, das ferramentas tecnolóxicas que se usan diariamente etc. que sexa de interese para a cidadanía e a sociedade actual. Esta iniciativa contribúe a mellorar a cultura científica, técnica e innovadora da sociedade e a percepción que a cidadanía teña do labor de investigación que se realiza na UDC

A quen vai dirixido?


Persoal investigador da UDC

Formato: infografías científicas.


Convocatoria actual: [Convocatoria IV Edición Certame Cántame a túa Investigación!](#)

 Prazo de presentación de solicitudes ata o 17 de febreiro do 2026 ás 14:00 horas.

Vídeo de YouTube:

 [Divulgando o Noso: Unha lingua máis inclusiva?](#)

 [Divulgando o Noso: Auga sostible na comarca da Coruña.](#)

 [Divulgando o Noso: Con isto detectaremos a próxima pandemia.](#)



MELLORAR A FORMACIÓN EN DIVULGACIÓN E COMUNICACIÓN CIENTÍFICA DO NOSO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR



Cursos e obradoiros formativos para mellorar as competencias de divulgación científica e comunicación a través de metodoloxías participativas. Neste ano realizarase, entre outros, o obradoiro *Elaboración monólogos científicos*, impartido por Eva Cabanelas, divulgadora científica que leva participado como monologuista en numerosos eventos de divulgación científica. Este curso ten como obxectivo principal proporcionar ao persoal investigador as ferramentas necesarias para comunicar a súa investigación á sociedade de maneira clara, atractiva e efectiva, mediante a elaboración e a representación do seu propio monólogo científico.

A quen vai dirixido? PDI, PCTI e alumnado de doutoramento

Formulario de inscrición: pechado

Formato: presencial e traballo autónomo.

 9 e 23 febreiro

Máis información  [“Elaboración de monólogos científicos”](#)




Certame Céntame a túa investigación!


ten como obxectivo realizar un audiovisual en formato de vídeo de tres minutos de duración como máximo en que se conte de forma divulgativa, atractiva e divertida o contido dunha investigación. O **vídeo** deberá estar publicado nunha das seguintes redes sociais: TikTok, Instagram, Bluesky ou

YouTube e deberá incluír os cancelos oficiais do certame:

#CéntameaTúaInvestigaciónUDC2026 e #UDC.

A quen vai dirixido? Estudantado que defendeu o seu traballo de fin de grao (TFG), traballo de fin de mestrado (TFM) ou a súa tese de doutoramento (TD) na UDC.

Formulario de inscrición  [Formulario de inscrición](#)

Formato:  Crear un vídeo divulgativo de ata 3 minutos

Convocatoria actual: [Convocatoria IV Edición Certame Céntame a túa Investigación!](#)

 Prazo de presentación de solicitudes ata as 14:00 horas do 12 de febreiro de 2026.

Premios de edicións anteriores

-  [TFG](#)
-  [TFM](#)
-  [TESE](#)

COLABORACIÓNS: TECENDO REDES




Calendario científico escolar

A Unidade de Divulgación Científica e Cultural e o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña colaboran por oitavo ano consecutivo co Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) na elaboración da versión en lingua galega do Calendario Científico Escolar, sendo a UDC a única entidade galega participante neste proxecto desde 2019.

A iniciativa inclúe a impresión e distribución dos exemplares nos centros educativos de Galicia, en coordinación coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

O calendario reúne 365 efemérides científicas e tecnolóxicas ao longo do ano, constituíndo un recurso educativo dirixido principalmente ao alumnado de educación primaria e secundaria obrigatoria. Complétase cunha guía didáctica que facilita o seu aproveitamento transversal nas aulas, baixo principios de inclusión, normalización, equidade e accesibilidade. A edición actual incorpora actividades lúdicas e mantén as efemérides en lectura sinxela, favorecendo así a participación de todo o alumnado, especialmente aquel con dificultades na competencia lectoescritora.

Formato

 Distribución en papel do calendario e guía didáctica en galego aos de ensino de Galicia.

 **Descarga** gratuíta na seguinte [ligazón](#).

 **Xaneiro**



Hilo Tese é unha iniciativa da Rede de Divulgación e Cultura Científica (RedDivulga) da Sectorial de I+D+i da CRUE, aprobada polo Comité Executivo de Crue–I+D+i, que busca promover o desenvolvemento de habilidades de comunicación e divulgación científica de futuras ou recentes persoas doutoras co apoio da Fundación Ignacio Larramendi.

O obxectivo é que aquelas persoas investigadoras en formación, **tanto se finalizaron a súa tese doutoral nos últimos 12 meses como se a están a desenvolver**, poidan contarlle á sociedade o que fan, como o fan e por que o fan. Para iso, proponse a elaboración dunha publicación en redes sociais en **formato**

dun fío en BlueSky para aproveitar estas rede social e as súas posibilidades como canle de comunicación, adaptando o contido da tese a unha linguaxe sinxela, accesible e atractiva.

A quen vai dirixido? Estudiantado de doutoramento e recentemente doutorado das universidades españolas asociadas á Crue.

Convocatoria concurso: [#HiloTese: 2025](#)

Formato: fío en BlueSky

 **Xuño**



Feiras científicas





Festivais de divulgación científica, charlas...

#PINT24ES #PINT24LCG



PINT OF SCIENCE 24

Enchemos os bares de A CORUÑA de ciencia

13, 14 e 15 de MAIO
Bar ÁRNICA
rúa Herrerías, 2

LUNS 13 20:00
CRUZOU O CLIMA UN PUNTO DE INFLEXIÓN?
Xavier Fonseca Blanco-UDC

DESCUBRINDO O MUNDO DOS PÉPTIDOS
Paula Novo Valencia - UDC (CICA)

MARTES 14 20:00
AS ESTRELAS DESPOIS DA MORTE
Xabier Pérez Couto - UDC (CITIC)

BESTAS DUN NORTE SALVAXE
José Antonio Cortés Vázquez - UDC

MÉRCORES 15 20:00
CAMBIO(S) CLIMÁTICO(S): RECONSTRUIR E SOBREVIVIR
Armand Hernández Hernández - UDC (CICA)



PINTOFSCIENCE.ES

PATROCINAN       

COLABORAN        

#PINT25FER #PINT25ES

X EDICIÓN



PINT OF SCIENCE FERROL

19, 20 E 21 DE MAIO · 19:00

ENCHEMOS OS BARES DE FERROL DE CIENCIA

INFORMACIÓN
PINTOFSCIENCE.ES



f @ x i n w
@PINTOFSCIENCES

INTRODUCEN            

COLABORAN            

Comisións de avaliacións, xurados de premios...



Premios Prismas



III Premio de Divulgación Científica Epifanio Campo

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA
**CITEEConto...
o que vex!**



Máis info,
inscricións e
bases

Se tes máis de 18 anos e resides en España, participa e gaña un premio de 150€, 300€ ou 600€!

Envíos ata o 12 de setembro de 2025

#enxeñaría civil #edificación



25 CITEE UNIVERSIDADE DA CORUÑA hr JUNTA DE GALICIA Fondos Europeos

Concurso de fotografía

Congresos, xornadas...





Yolanda Golías Pérez
Coordinadora da Unidade de Divulgación Científica e Cultural
Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte
Correo electrónico: divulgación.vdcd@udc.gal
Tlfno. 88101 4748